



Ponte romano de Cangas de Onís

A **Fundación O Noso Lar**, un ano máis, e xa van vinteún, está a organizar as **VACACIÓNS-CONVIVENCIA PARA OS MAIORES** do Concello de Samos.

O convivir xuntos durante uns días, coñecendo fermosos lugares e compartindo novas experiencias, proporciona un relax no camiño e, sen dúbida, axuda a manterse xoven por moitos anos que se teñan. E porque para vivir ben, é necesario convivir, compartir e disfrutar, ¿qué millor que pasar unhas alegres vacacións que, por outra parte, teñen máis que merecidas?

viaxamos a Asturias

O Principado de Asturias é verde e de paisaxes inabarcables. O mar e a montaña danse a man nesta comunidade caracterizada por unha natureza exuberante, por bosques e centenaes de pequenos pobos e aldeas diseminados por unha xeografía convertida nun fermoso e variado museo ao aire libre.

Setenta e oito concellos conforman a rexión que abarca unha superficie de 10.500 kilómetros cuadrados, na que vive unha poboación de 1.100.000 habitantes.

Un dos símbolos rexionales é Covadonga, lugar no que se levantou un santuario para albergar á *Santina ou Virxe de Covadonga*. Dise que aquí foi donde Don Pelayo derrotou no ano 722 aos musulmáns. Os asturianos constituíen, a partir dese momento, o pequeno reino de Asturias.

data e horario da viaxe

Sairemos de Samos o luns, **2 de maio, ás 8 da mañá**, e regresaremos o sábado, día 7. A nosa residencia será na Casa de Espiritualidade **EMAÚS** en Meres (Oviedo).



Casa de Espiritualidade **EMAÚS**

algúns dos lugares a visitar



Ribadesella: poboación mariñeira. Aquí desemboca o río Sella, coñecido pola *Festa das Piraguas*.



Oviedo, capital do Principado de Asturias. Cidade ideal para o paseo xa que o centro histórico é peatonal.



Gijón: cidade máis grande de Asturias, mariñeira e industrial



Avilés: é a terceira cidade asturiana, sede da máis importante siderúrxica do país.



Santuario de Covadonga

**Anímate e
apúntate antes do
día 17 de abril**

Vacacións convivencia para os Maiores



en Asturias

2-7 de maio 2011

